




PLAN DIXITAL CPR CEBEM

Índice do Plan Dixital

Introdución	3
Datos básicos do centro	3
Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	4
Breve xustificación do plan	5
Proceso de elaboración	6
Situación de partida	7
Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	7
Fontes empregadas para a análise DAFO	9
Participación segundo o perfil do profesorado	10
Puntuación e nivel de competencia do centro	10
Puntuación e nivel de competencia por etapas	10
Distribución do profesorado por niveis	11
Análise DAFO	12
Plan de Acción	16
Obxectivos, indicadores e accións	19
Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	21
Avaliación do plan	35
Difusión do plan	35

Introdución



Datos básicos do centro

Identificación: CENTRO DE ESTUDIOS BANCARIOS ECONÓMICOS e MERCANTIES S.L.
(CPR. CEBEM)

Código do centro: 36013795

Enderezo: Vía Hispanidade, nº 33, Vigo 36203 Pontevedra

Teléfono: 986419899

Correo electrónico: cpr.cebem@edu.xunta.gal

Página Web: <https://www.cebem.net>

CPR CEBEM é un centro de ensino con máis de 40 anos de antigüidade que comezou dedicándose aos Estudos Bancarios, Económicos e Mercantís, (precisamente toma o seu nome destas actividades) e cunha finalidade que foi, dende o seu comezo, a formación de profesionais na área administrativa, comercial e de xestión das empresas.

Na actualidade impártense os seguintes niveis e **especialidades**:

- **Ciclos Formativos de Grao Medio:**
 - XESTIÓN ADMINISTRATIVA

- **Ciclos Formativos de Grao Superior:**
 - ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
 - ASISTENCIA Á DIRECCIÓN
 - DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA



Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro



Este Plan Dixital propón recoller as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa. O procedemento de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile.

Tanto para a mellora dos procesos educativos que ocorren fóra ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que os centros educativos cumpran a súa función formativa, xa se consolidaron unha serie de recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo, é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, entendendo o Centro como a unión de transformación, e deseñando plans de mellora que se poidan desenvolver co impulso do equipo directivo do Centro.

Obxectivos do Plan Dixital do Centro:

- Avaliar la situación do noso Centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para as Organizacións Educativas Dixitalmente Competente para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no Centro.
- Recoñecer o Plan Dixital do Centro coma un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o noso Centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.

CPR CEBEM asume a concepción da educación como un servizo público, cuns principios básicos como a participación e xestión democrática por parte da comunidade escolar, xunto coa defensa da liberdade do ensino, recoñecida pola lei.

Pretende preparar o alumnado para que se integre nunha sociedade complexa e cambiante, e para que sexan membros activos e responsables dela. Isto esixe recoñecer que a súa inserción no mercado laboral debe realizarse nunha contorna competitiva, que o alumnado debe asumir de forma realista.

Fomentarase a actitude positiva, curiosa, investigadora e crítica na aprendizaxe de conceptos, procedementos e actitudes, insistindo naqueles aspectos máis relacionados co entorno profesional e de traballo: cooperación, traballo en equipo, rigor, estética profesional, etc.

Buscarase a interdisciplinariedade e potenciaranse as metodoloxías motivadoras que respondan aos intereses do alumnado mediante a aproximación non soamente ao seu entorno senón tamén ás súas expectativas.

Parte do noso proxecto é acadar unha boa relación entre todos os membros da comunidade educativa e propiciar un sistema non autoritario que implique e promova a participación do alumnado nos seus procesos de aprendizaxe e que estean baseados no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

O Proxecto Educativo do Centro recollerá a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5. da *LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*.

Breve xustificación do plan

A implantación do PLAN DIXITAL terá en conta o establecido nas seguintes normas:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, establece diferentes aspectos sobre as Tecnoloxías da Información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe e no artigo 121 establece que o Proxecto Educativo de Centro recollerá tamén a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.
- O *Real Decreto 126/2014*, polo que se establece a *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*.
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional*, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional*, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

A posta en marcha das actuacións que se levarán a cabo estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, á conectividade, ás plataformas e servizos dixitais e ao mantemento necesario), entre outros.



Os obxectivos deseñados neste plan fixéronse a partir deste mapa diagnóstico integral, que se revisará cada ano e que é susceptible de ser modificado durante o curso escolar. Este, á súa vez, divídese en dous obxectivos: xerais (relacionados coa comunidade educativa) e específicos (vinculados aos membros do equipo directivo, ao profesorado, ao alumnado e á dirección do centro).

Este plan concíbese como un documento vivo que recolle os acordos acadados no centro respecto dos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas distintas especificacións curriculares. Ademais, tamén implica un compromiso por parte de toda a comunidade educativa onde cada un/unha actuará na medida das súas posibilidades e do seu nivel de formación actual.

Podemos resumirlo en tres puntos clave:

- Visualizar a onde quere que chegue o Centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conectividade a internet en todas as aulas e despachos. Algunhas aulas conectanse mediante cableado centralizado nun armario *rack* que dispón dun *switch*, e outras mediante wifi interconectada a un *access point* (AP).

A fibra óptica chegou ao centro en 2009, mellorando a navegación dos equipos conectados; non así a conectividade a través da wifi, que sufría numerosas caídas de sinal. Este problema solucionouse coa instalación de novos puntos de acceso por todo o centro durante 2015.

Existen 2 aulas de informática dotadas con 30 ordenadores coas súas correspondentes pantallas, teclados e ratóns, ademais dun proxector, e outras 2 aulas de informática dotadas con 15 ordenadores. Nun armario, ubicado na aula 8, hai 10 portátiles LENOVO.



Ao inicio de cada curso establecíase un horario de utilización, tendo preferencia os módulos de informática.

Todo o profesorado utiliza, nalgún momento, tanto os recursos que ten na súa aula como a sala de informática e/ou os dispositivos móbiles.

A competencia dixital dunha parte do claustro é boa, presentándose algún caso no que o dominio e a utilización é de nivel medio (como consecuencia da formación dos últimos anos), e incluso alto, xa que dispoñemos do ciclo de Deseño de Aplicacións Multiplataforma e iso fai que o noso profesorado, que imparte nestes módulos, sexa de moi alta cualificación no desenvolvemento de aplicacións dixitais.

O centro dispón de 2 contratos de fibra óptica co ISP (telefónica), para balancear a carga e mellorar o funcionamento da conexión de rede. Realízanse copias de seguridade periódicas na nube. En caso de que se presente algún erro nos enlaces, pódese cambiar ao outro para non perder a interconectividade co exterior.

Contamos cunha rede local LAN dividida en 2 subredes (Alumnado e Administración).

Todos os equipos contan con medidas de seguridade adecuadas para a protección fronte a ataques ou virus informáticos.

Existe un centro de procesamento de datos adecuadamente acondicionado onde se atopan os servidores do centro.

O mantemento dos equipos realízao unha empresa especializada externa.

CPR CEBEM conta cos seguintes servizos dixitais:

- páxina web do centro: www.cebem.es
- aula virtual: <https://cebem.net/moodle/>
- plataforma virtual: <https://classroom.google.com/>
- espazo Abalar e Abalarmóbil: <https://www.edu.xunta.gal/abalar>



Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				3,3	
	Profesorado				3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,7	
	Profesorado				2,9	
	Alumnado				3,1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				4	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				3,4	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3,5	
	Profesorado				3,2	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				4,5	
	Profesorado				3,6	
	Alumnado				4,1	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,6	
	Alumnado				3,3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				3,3	
	Alumnado				3,2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				2,7	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				3,6	

Participación segundo o perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO		12	92,03%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	1		
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,5	integradora/o B1	76,4	integradora/o B1

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	81,6	integrador/a B1	80,3	integrador/a B1

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	30,8%
B1	7	53,8%
B2	1	7,7%
C1	2	15,4%
C2		
TOTAL	14	107,7%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa infraestrutura de equipos de traballo e acceso a internet Acceso a unha rede social profesional que conecta e retroalimenta a profesorado, (ex)alumnado e profesionais do sector	Acceso limitado a subvencións para ampliar ou modernizar os equipos informáticos, o que provoca falta de investimento Acceso limitado aos recursos didácticos, axudas e subvencións Falta de dispoñibilidade de material informático
	PERSOAL DOCENTE	Alta capacidade de adaptación aos cambios por parte do profesorado Motivación do profesorado para adquirir novos hábitos e destrezas A maior parte do profesorado crea recursos dixitais para as súas aulas O profesorado utiliza a tecnoloxía de modo seguro nas súas tarefas e actividades docentes	Poucos proxectos interdisciplinares Necesidade de formación con ferramentas dixitais para o equipo directivo e profesorado Pouca colaboración para compartir experiencias e aprendizaxes entre os membros do profesorado
	PERSOAL NON DOCENTE	Alta experiencia do equipo directivo	

	ALUMNADO	O alumnado utiliza as tecnoloxías para as tarefas escolares e de ocio, tanto no centro como fóra A maioría do alumnado dispón de dispositivos dixitais e sabe empregarlos	Falta de recursos económicos por parte do alumnado, o que fai que resulte máis complexa a súa visión xeral do mercado empresarial
	FAMILIAS		
	OFERTA	Trato personalizado e compromiso de cara ao alumnado Alta colocación do alumnado despois da Formación nos Centros de Traballo Bolsa de traballo para o alumnado activa todo o ano	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Adaptación progresiva a novas modalidades e ensinos O centro non é de gran tamaño, polo que os profesores poden compartir e comparten destrezas e coñecementos Boa cooperación e dispoñibilidade para compartir	Pouca participación / colaboración con outras empresas ou entidades educativas nas estratexias dixitais Falta de tempo para a elaboración de materiais dixitais enfocados ao ensino-aprendizaxe Horario lectivo moito máis amplo que nos centros públicos, o que prexudica notablemente a dispoñibilidade de tempo para novas aprendizaxes

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Incorporar e implantar un mecanismo para a formación continua do profesorado Implantar mecanismos que garantan a seguridade e protección dos datos e equipos ante os futuros ataques informáticos Compromiso por parte do profesorado na aprendizaxe de novas metodoloxías e recursos	Fenda de axudas entre o público e o privado Cursos pouco orientados á realidade docente por parte das institucións Pouca implicación por parte dos organismos públicos nos centros concertados Equipos poucos seguros ante os novos, e cada vez máis sofisticados, ataques á seguridade da rede
	LEXISLACIÓN	Aproveitar os cambios sociais e lexislativos para combinar o ensino presencial e online Potenciar a F.P. dual, tal e como se promove na nova lexislación, e, desta forma, aumentar a participación e colaboración do centro con empresas da contorna, entidades públicas ou privadas	O ensino online e a dixitalización da sociedade ameaza ao ensino presencial Cambios na lexislación de F.P. Os centros parcialmente sostidos con fondos públicos non dispoñen dos mesmos medios que os públicos
	CONTORNA	Interactuar con outros centros de Galicia Utilizar a motivación e o compromiso co alumnado para cooperar en proxectos máis ambiciosos no uso das tecnoloxías dixitais	Cambios no comportamento social do alumnado (novos tipos de relacións sociais e familiares) Centros con maior capacidade económica e recursos
	ANPA		

	OUTRAS ENTIDADES	Potenciar novas metodoloxías activas para incrementar a motivación, participación e empregabilidade do alumnado, reducindo o absentismo escolar e abandono Aproveitar o esforzo realizado durante a pandemia para atender o alumnado utilizando medios dixitais	
--	------------------	---	--

Plan de Acción

O noso centro vai apostar por unha educación innovadora, adaptada á era dixital, inclusiva e baseada en valores, na que se establecen os coñecementos, as capacidades e as actitudes que as persoas necesitan para vivir, incluída a competencia dixital.

Co rápido avance das novas tecnoloxías, a dixitalización afecta á maneira de vivir, interactuar, estudar e traballar das persoas.

A educación benefíciase da apertura das aulas, de experiencias e proxectos da vida real, de novos materiais e ferramentas de aprendizaxe e dos recursos educativos de acceso libre. O alumnado pode verse empoderado pola colaboración en liña..



Este proceso iniciouse cunha reunión semanal de profesores co equipo directivo, para dar forma e impulsar este proxecto, marcando o primeiro obxectivo do Plan de Dixitalización que é formar e crear o equipo de competencias dixitais. Este servirá de reforzo e respaldo dixital, a modo de control de calidade para axudar a mellorar, unificar criterios e revisar calidades.

Nas sucesivas reunións para o deseño do Plan Dixital do Centro collerense as ideas principais, determinando as prioridades e establecendo os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro no seu proceso de cambio e mellora.

Do mesmo xeito, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global, que desde a súa responsabilidade pode achegar na fase de deseño, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización.

Cada semana debatéronse os obxectivos realizables e medibles para que o noso centro se fixase fins alcanzables, a partir deste proceso de tormenta de ideas, empezamos a definir os obxectivos e as accións que se levarán a cabo.

Ao principio púxose como meta escoller as áreas onde se tiña que incidir e encamiñar os nosos obxetivos e plans de acción.

Estas áreas son:

- Organización dixital de centro
- Competencia e formación dixital do profesorado
- Colaboración profesional no uso de ferramentas dixitais
- Redes de comunicación e dos equipos informáticos
- Canales de comunicación e RRSS
- Recursos materiais e propiedade intelectual

Unha vez consensuadas as áreas de actuación decídeses darlles forma con obxectivos que cumprisen os requisitos SMART:

- Específicos** (*Specific*), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- Medibles** (*Measurable*), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- Alcanzables** (*Achievable*), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, posibles.
- Relevante** (*Relevant*), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- Definidos no tempo** (*Time bound*); isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

A través do *Brainstorming* e debates dirixidos polo equipo directivo empezaronse a sentar as súas bases, con accións que representan cada área de actuación. Comézase desde o abstracto ao concreto, do ideal ao asumible con iniciativas que se van levar a cabo para o desenvolvemento da súa Competencia Dixital, unha vez autodiagnosticado o seu nivel inicial.

As accións que se levarán a cabo quedan reflectidas nas Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo cos axentes implicados e os prazos de execución.

Son obxectivos ambiciosos para un centro das nosas características, pero a implicación docente para a súa consecución, é o que fai afirmar que son accións factibles e en prazos razonables.

Este proceso de dixitalización necesita a implicación de toda a comunidade educativa e debe sentirse como un proxecto compartido onde poder involucrarse e aprender, por iso se necesitan

reunións con todos os axentes implicados, desde o equipo directivo ata o alumnado. O feito de sentirse dentro dun proxecto de cambio de paradigma, fai que todos se sensibilicen coa consecución das diferentes áreas de actuación e os seus obxectivos.

A modo de resumo deste apartado gustaríanos subliñar:

- **Comisión TIC.** O equipo directivo é un grupo de docentes do centro que forman unha comisión encargada da elaboración, coordinación, seguimento e avaliación do cumprimento do Plan TIC do centro. A comunicación e difusión deste plan aos docentes, farase no primeiro claustro e no que se realiza a principios de setembro para aprobar a PGA. Á súa vez, esta comisión servirá para recibir peticións, suxestións e achegas do profesorado de cara á comisión TIC, que poidan mellorar o seu desenvolvemento.
- **Descrición das funcións** dos membros da Comisión TIC. Ao tratarse dun centro pequeno e que o equipo directivo funciona como “equipo” coordinado, todas as persoas da comisión poderán ser receptoras de peticións, suxestións e achegas.


Tamén debemos ter en conta, entre outras, os seguintes tipos de tarefas:

- **Tarefas de coordinación:** elaboración, seguimento e avaliación dos procesos para levar o plan TIC a cabo. Xestión dos espazos e recursos compartidos (horarios, normas de uso, indicacións básicas de funcionamento, etc.).
 - Organización dos docentes para sesións de formación.
 - Organización dun banco de recursos dixitais para cada área.
- **Tarefas técnicas:** de maneira colaborativa coa Dirección Xeral para o AVANCE DIXITAL, xestionar e organizar os medios e recursos TIC (hardware e software educativo), co fin de mantelos operativos e actualizados para o seu uso didáctico.
- **Organizar aos docentes** en función das súas inquiredanzas TIC, en grupos de traballo. Crear iniciativas que promovan o uso das TIC na aula, como bancos de recursos ou webs de referencia por áreas e intercambio de experiencias na aula.

Obxectivos, indicadores e accións

O Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes ten a pretensión de facilitar a transparencia e a equivalencia entre iniciativas relacionadas en toda Europa e xoga un importante papel á hora de abordar a fragmentación e o desenvolvemento desigual nos estados membro. De feito, os principais obxectivos do Marco son:

- Animar á autorreflexión e autoavaliación das organizacións educativas, agora que se involucran cada vez máis coas tecnoloxías e os modelos pedagóxicos dixitais, para lograr a súa total integración.
- Permitirlles ás autoridades políticas deseñar, implementar e avaliar intervencións e prácticas para a adopción e o uso efectivo das tecnoloxías dixitais para o aprendizaxe por parte das institucións educativas, a nivel rexional, nacional e europeo.



Baseándonos nesta guía, e nos seus sete elementos clave, a secuencia de pasos que vamos seguir, vén determinada en proporción coa análise do DAFO do noso centro. Aí puidemos observar os ámbitos de prioridades para elaborar o plan de acción con obxectivos axustados ás áreas que queremos mellorar.

Esas áreas de mellora son:

- Organización dixital do centro, **táboa 1**
 - Obxectivo: crear un equipo de competencias dixitais.
- Competencia e formación dixital do profesorado, **táboa 2**
 - Obxectivo: mellorar o uso das ferramentas dixitais empregadas no traballo docente.
- Colaboración profesional no uso de ferramentas dixitais, **táboa 3**
 - Obxectivo: Empregar as TAC para perfeccionar a actividade docente, compartir e intercambiar coñecementos e fomentar o uso da aula virtual.
- Redes de comunicación e dos equipos informáticos, **táboa 4**
 - Obxectivo: mellorar as redes de comunicación e dos equipos informáticos.
- Canles de comunicación e RRSS, **táboa 5**
 - Obxectivo: manter e mellorar as canles de comunicación do centro como medio difusor que sexa relevante.
- Recursos materiais e propiedade intelectual, **táboa 6**
 - Obxectivo: fomentar o uso ético dos recursos materiais coa propiedade intelectual.

Tanto as áreas de actuación coma os obxetivos coas súas accións específicas para conseguilos serán levados ao claustro de profesorado, convocado para tal fin, o día 27 de xuño para a súa aprobación e seguidamente convocarase ao consello escolar para a súa explicación e aprobación o día 30 de xuño, xa que a nosa principal tarefa é conseguir o maior consenso e implicación por parte de todos os axentes do centro, equipo directivo, profesorado, alumnado e representantes legais do alumnado.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Aínda que no centro se dispoña dunha boa infraestrutura de equipos de traballo e acceso a internet, considerase necesario seguir mellorando na infraestrutura e equipamentos tecnolóxicos, para cumprir os seguintes obxectivos:

1º Garantir a igualdade dixital: garantir que todas as persoas dispoñan das capacidades dixitais necesarias para facer fronte ás transformacións socioeconómicas.

2º Poñer o foco nas persoas: asegurar un enfoque responsable e baseado en valores no desenvolvemento e aplicación das novas tendencias tecnolóxicas.

3º Potenciar un ecosistema dixital forte: impulsar a adopción das tecnoloxías emerxentes en todos os sectores produtivos.

4º Promover o liderado dixital: fomentar o uso das tecnoloxías dixitais para a transformación da sociedade e das organizacións.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: organización dixital do centro							
1. OBXECTIVO (1):	Crear o equipo de competencias dixitais					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	porcentaxe do profesorado que participa no equipo de competencias dixitais. (instrumento de medida: valoracións individualizadas)						
Valor de partida (3)	0						
Valor previsto e data (4)	1 equipo -				10 de setembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Reunión do equipo directivo e profesorado para a valoración de candidatos/as.	Equipo directivo	2 de setembro	Plan Dixital currículo do profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO1.2: Elección dos candidatos/as.	Equipo directivo	2 de setembro	Plan Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Nomeamento dos candidatos/as. Asignación dos cargos, tarefas e funcións.	Equipo directivo	10 de setembro	Acta do claustro no que se nomean os compoñentes Plan Dixital. Programación anual do Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: competencia e formación dixital do profesorado

2. OBXECTIVO (1):	Mellorar o uso das ferramentas dixitais empregadas no traballo docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de competencias dixitais				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesores que empregan ferramentas dixitais					
Valor de partida (3)	60% do profesorado emprega tecnoloxía dixitais					
Valor previsto e data (4)	80% - do profesorado emprega tecnoloxías dixitais			23/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Detectar as necesidades de formación dixital	Equipo dixital	5 de setembro de 2022	Formulario Google		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Propoñer as accións de formación dixital	Equipo dixital	1 de outubro de 2022	Reunión do profesorado co equipo dixital. Plan de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Impartir os cursos para incorporar recursos dixitais no traballo docente:	Equipo dixital	15 de outubro de 2022	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

recursos para a presentacións dixitais (CANVA, GENIALLY, CUESTIONARIOS ON LINE, Blog) aos membros do equipo docente						
--	--	--	--	--	--	--

“Área/s de mellora”: Colaboración profesional no uso de ferramentas dixitais							
3. OBXECTIVO (1):		Empregar as TAC para perfeccionar a actividade docente, compartir e intercambiar coñecementos e fomentar o uso da aula virtual.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo de competencias dixitais				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Recursos compartidos e ou intercambiados					
Valor de partida (3)		20% -Recursos compartidos e ou intercambiados					
Valor previsto e data (4)		80% -Recursos compartidos e ou intercambiados			xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Potenciarase a realización de proxectos interdisciplinares: -Mod. Inglés + mod. tratamento da información (CM) - Mod. FOL + Mod. Tratamento da información (CM)	Equipo directivo e profesorado	xuño de 2023	Programación anual da materia			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

-Mod. inglés+Mod. FOL (CS) -Mod. simulación empresarial+ Mod. Técnica contable(CS admón finanzas)						
AO1.2: Fomentarse o uso da rúbrica nos traballos e tarefas do alumnado no 80% dos módulos para favorecer a aprendizaxe autorregulada e autoavaliación	Equipo directivo e Profesorado	xuño de 2023	Programación anual da Materia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: mellorarase a comunicación entre o profesorado e alumnado a través do correo electrónico corporativo do <u>centro. @cebem.es</u> e a canle da Xunta Abalar	Profesorado e alumnado	xuño de 2023	Correo electrónico corporativo. Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Redes de comunicación e dos equipos informáticos							
4. OBXECTIVO (1):	Mellorar as redes de comunicación e dos equipos informáticos					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de competencias dixitais					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de equipos actualizados						
Valor de partida (3)	50% - Dos equipos actualizados						
Valor previsto e data (4)	70% - Dos equipos actualizados				outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Solicitarase un orzamento das redes de comunicación para mellorar, se é posible, a rede actual do centro.	Equipo directivo	30 de setembro de 2022	Estudo de ofertas recibidas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Solicitarase un orzamento de equipos	Equipo directivo	30 de setembro de 2022	Estudo de ofertas		Realizada		

informáticos para renovar os equipos mais antigos, segundo as necesidades do novo curso.					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Toma de decisións	Equipo directivo e o equipo dixital	outubro de 2022	Fondos financeiros necesarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Canles de comunicación e RR SS							
5. OBXECTIVO (1):	Manter e mellorar as canles de comunicación do centro como medio difusor que sexa relevante					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de competencias dixitais					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Calidade e contido dos canles de comunicación.						
Valor de partida (3)	calidade media						
Valor previsto e data (4)	calidade alta				xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Ampliarase a difusión de contidos en redes sociais (instagram, linkedIn, facebook)	Responsables de redes. Equipo de competencias dixitais	xuño de 2023	Redes Sociais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Organizaranse charlas sobre o uso	Profesorado e Equipo de	xuño de 2023	Aula de audiovisuales		Realizada		

seguro e responsable das RRSS e da ciberseguridade: Obradoiros presenciais coa Policia Nacional, expertos en Ciberseguridade de organismos públicos e privados. Datas pendentes de concretar segundo dispoñibilidade.	competencias dixitais				Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Activarase a presenza do alumnado en RRSS profesionais. Daranse de alta no LinkedIn co seu CV.	Profesorado de FOL	fin do primeiro trimestre	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: recursos materiais e propiedade intelectual							
6. OBXECTIVO (1):	fomentar o uso ético dos recursos materiais coa propiedade intelectual					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de competencias dixitais					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	utilización da normativa APA nos diferentes recursos materiais						
Valor de partida (3)	20%						
Valor previsto e data (4)	50%						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: concienciarase da importancia da bibliografía e de citar autores correctamente utilizando normas	profesorado	xuño de 2023	materiais didácticos de elaboración propia e listado de normas APA		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

APA						
AO1.2: daranse instrucións ao alumnado claras sobre o traballo que teñen que presentar de maneira ética empregando as normas APA.	profesorado	xuño de 2023	listado normativo APA para materiais didácticos de elaboración propia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: fomentarase a creatividade persoal, previndo o plaxio. Usando programas antiplaxio como <u>Copyscape</u>, <u>TineEye</u> (imágenes), <u>Grammarly</u>, etc.	profesorado	xuño de 2023	materiais didácticos de elaboración propia e programas antiplaxio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizando a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Avaliación do plan

Ao finalizar a temporalización de cada obxectivo reunirse o equipo de competencias dixitais para analizar o seu cumprimento ou analizar as causas polas que non se cumpriron nos prazos previstos e así tomar as medidas oportunas para corrixilos e establecer prazos novos que nos leven á súa completa realización. Tamén servirá como guía para establecer obxectivos para o seguinte curso.

Ao mesmo tempo, determinaranse reunións trimestrais para analizar a situación dixital do centro e avaliar a consecución dos obxectivos.

Finalmente, ao rematar o curso escolar, o equipo de competencias dixitais elaborará unha memoria das actuacións realizadas e dos obxectivos cumpridos.

Difusión do plan

A estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do Plan Dixital no noso centro será a súa publicación na paxina web para darlle visibilidade, así como enviar copia do mesmo ás autoridades ou institucións educativas que así o soliciten.